

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA  
DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO DÍA 04/10/2021**

No Salón de Plenos do Pazo Municipal de Ferrol, sendo as nove horas e quince minutos reuniuse en sesión ordinaria a Comisión Informativa de Participación Cidadá, en primeira convocatoria, baixo a presidencia de Ana Lamas Villar, coa asistencia dos seguintes membros:

PP	José Tomé López (en substitución de José Manuel Rey Varela) Ana Leira Hermida Javier Díaz Mosquera Alejandro Padilla Rodríguez (en substitución de Martina Aneiros Barros) María Elvira Miramontes Más
PSOE	Germán Costoya Casas Eva Martínez Montero Cristina Prados Rubio
BNG	María do Mar López González
Ferrol en Común	Jorge Suárez Fernández

asistidos polo secretario da comisión Jorge Juan Pena Piñeiro, co obxecto de tratar os seguintes asuntos da orde do día:

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 20 DE SETEMBRO DE 2021.**

Apróbbase por unanimidade.

**2. DAR CONTA DAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA E O CONCELLO DE FERROL.**

A presidenta cédelle a palabra á concelleira Cristina Prados que comeza a dar conta do desenvolvemento dunha serie de actividades dentro do marco da Rede de Dinamización Lingüística da Secretaría Xeral de Política Lingüística da que forma parte o Concello de Ferrol e que se celebrarán neste outono dentro das actividades do Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 21.

A primeira actividade denomínase “Libre como os paxaros. Manifesto rebelde”. Trátase dun espectáculo sobre a figura e o pensamento de Rosalía de Castro. A montaxe, protagonizada por María Barcala, bota man dos textos da célebre escritora. A obra esta producida por Teatro do Atlántico.

Esta actividade desenvolverase o vindeiro 14 de novembro no Teatro Jofre ás 19.30 horas. Esta aberta ao público en xeral e a entrada será de balde.

A segunda actividade que oferta a Rede de dinamización lingüística denomínase “Vive a lingua”. Consiste nunha actividade de grandes xogos infantís e xuvenís sobre a cultura e a lingua galegas en historias relacionadas coa tradición, a mitoloxía e a literatura galegas a cargo de Avanteira Sociedade Cooperativa Galega.

Estes xogos teatralizados guiados por monitores e monitoras están dirixidos a rapaces e rapazas de 8 a 17 anos. A duración destes obradoiros é dunha hora e cincuenta minutos.

As datas para o seu desenvolvemento aínda non están pechadas e estanse a manexar o 30 de outubro, 13 ou 14 de novembro, pero está pendente a confirmación da dispoñibilidade do espazo público para o seu desenvolvemento no exterior. No caso de mal tempo as actividades trasladaranse ó salón de actos do Antigo Hospicio.

### 3.- ROGOS E PREGUNTAS

**María do Mar López**, pregúntalle á concelleira Cristina Prados se xa se informou ós centros educativos sobre os premiados do Certame de Poesía e Imaxe?.

**Cristina Prados**, respóndelle que sí, que xa se informou aos centros educativos.

**María do Mar López**, pregúntalle se lembra ou ten os datos dos centros que teñen alumnado premiado?.

**Cristina Prados** respóndelle que lle dirá á técnica de Normalización Lingüística que lle faga chegar os datos aos membros da Comisión.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levantou a sesión ás nove horas e vinte minutos, de todo o que, como secretario, dou fe.

Visto e prace  
A presidenta

O secretario

Asdo.: Ana Lamas Villar

Asdo.: Jorge Juan Pena Piñeiro